

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa a superar as carencias materiais e técnicas do xulgado de vixancia penitenciaria de Lugo.

Exposición de Motivos

As carencias que sofre a administración pública de xustiza galega lesionan aos dereitos da cidadanía a dispor dunha xustiza efectiva e agravan as condicións de traballo do persoal público e dos profesionais dese sector.

Alternativa Galega da Esquerda presentou xa varias iniciativas relativas á situación do partido xudicial de Lugo, que necesita da creación de novos órganos xudiciais, do mantemento e ampliación dos reforzos e dunha meirande dotación técnica e económica para poder prestar nas debidas condicións un servizo público esencial.

No eido do xulgado de vixancia penitenciaria de Lugo hai que sinalar o descomunal aumento dos asuntos pendentes ao remate do ano 2013, que como recolle a memoria dos xulgados e tribunais galegos pasou de 374 asuntos pendentes a 950. Todo elo nun contexto xeral no nivel galego de incremento dos asuntos pendentes (de 1.921 a 2.710, alza no que a situación do xulgado de Lugo é determinante).

Doutra, a xefatura territorial de xustiza coñece os problemas que lastran o traballo do persoal adscrito ao xulgado de vixancia penitenciaria. O emprazamento deste xulgado unido á falla dun sistema de climatización supón un intolerable problema no día a día das traballadoras e traballadores do xulgado obrigados a sufrir a alternancia de frío e calor sen protección algunha.

Traballan nunha situación indesexable á que hai que engadir a falla de equipamento do centro e dunha aplicación específica dentro do sistema Minerva coas consecuencias negativas que se desprenden desta imprevisión e carencia, que obriga a que calquer dilixencia se teña que tratar cun procesador de texto externo.

Cómpre unha actuación da Xunta inmediata para remediar estas eivas. Por todo elo, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a achegar os recursos necesarios para resolver o problema de falla de climatización do espazo do xulgado así como a dotalo dunha aplicación específica do programa Minerva.

En Compostela, a 12 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/03/2015 15:07:02